

# ID#153

A Pobra do Brollón — A Pobra do Brollón, 1989-06-13

**Informantes:** Álvaro e José Veloso (Álvaro e Pepe *de Forgas*)

**Compilador:** Anxo González

**Colección** de Baldomero Iglesias e Xosé Luís Rivas

**Transcrición:** Sergio de la Ossa (2015-07-24)

5 (1) 3 1 | 1-8 | 8.8.8.8.



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

♩ = ca.71

5. Foi moi - to tem - po, Car - me - la  
 que non che se - ve ío pe - lo  
 ho - xe ve - ño pra de - cir - che  
 o moi - to\_a - mor que che te - ño.

a) b) c) d)

11. 1.9. 7. 11. 8. 1.

Nota: Na meirande parte das estrofas a afinación non é constante, sobre todo nos saltos melódicos descendentes. A nota final, que debería ser a oitava inferior á nota inicial, soa habitualmente un semitón máis baixa. As variantes melódicas sinaladas na partitura principal son simultáneas.

- |   |  |   |
|---|--|---|
| 1. Un día de primavera<br>Carmeliña do Caneiro<br>estaba dormindo a sesta<br>deitada tras do palleiro.                    | 5. —Foi moito tempo, Carmela,<br>que non che se ve ío pelo;<br>hoxe veño pra decirche<br>o moito amor que che teño.  | 9. —Eso si que non, Farruco,<br>tu te-lo gusto ferido;<br>inda se che enseno as pernas<br>poste todo derretido.           |
| 2. Farruquiño da Ribeda<br>que a viu desde unha casa,<br>como a viu estar dormindo<br>foise acercando á rapaza.           | 6. —Xa me ves con ise conto<br>que me farto en la barriga.<br>—Se che dera unhas fregas<br>pasábache enseguida.<br>Dáme un biquiño, por Dios,<br>que si non morro de pena. | 10. Carmela ensenoulle as pernas<br>pensou qu' o tiña chiflado<br>pero ao cabo de seis meses<br>cambiouse pró outro lado. |
| 3. Caladiño coma un rato<br>xunto dela se deitou,<br>quíxolle dar un abrazo<br>pero Carmen despertou.                     | 7. —Eu non che dou un biquiño<br>nin anque morras de pena,<br>que eu non quero máis rapaces<br>sendo que gasten estrelas.  | 11. Todas las rapazas solteiras<br>esto lle sirva d' ajemplo<br>qu' os rapaces hoxe en día<br>ao ver os dous, xa se van.  |
| 4. Pero Carmen despertou<br>e díxolle ao Farruquiño:<br>—Eu non sei qu' on raio me queres<br>sempre m' andas perseguindo! | 8. —Aí, que presumida es,<br>pensas que es la flor de Galicia.<br>Téñoas visto ben máis guapas<br>e con menos avaricia.  |   |